# M
# E
# T
# E
# O
# S
# A
# N
# S
# A

Caderno de actividades
relacionadas coa meteoroloxía

Lingua Galega e Literatura

1º ESO

2016-1017

1. Estes refráns mesturáronse.. Así que telos que ordenar.

| | |
|---|---|
| A galiña no xaneiro. | unha pisada dunha galiña. |
| En xaneiro, | pon no colmeiro. |
| En xaneiro, | abrígate con dúas capas e un sombreiro. |
| Xaneiro frío ou templado, | mellor carballo que castiñeiro. |
| Xaneiro verceiro, | pásao arroupado. |
| Xaneiro quente | trae o demo no ventre. |
| Por santa Lucía medra o día | nin boa meda nin bo palleiro. |

2. Explica o significado dos refráns anteriores.

3. Busca no blogue *Meteosansa* a entrada titulada "Refraneiro de decembro. O día de Santa Lucía" (13 de decembro de 2016). Despois de lela contesta as seguintes preguntas:

- Cal é a orixe da crenza de que a noite do 13 de decembro é a máis longa do ano?
- Ademais de refráns en lingua galega no texto inclúense refráns noutras linguas. En cales?

4. Escoita o vídeo de Xacobo de Toro "Mapas do tempo. A predición e as probabilidades[1]" e contesta a estas preguntas:

- Onde obtiñamos antes a información sobre o tempo?
- En que cole elaboraron a app da que fala Xacobo?
- É doadamente predicible o tempo? Por que?
- E que papel teñen as bolboretas na pregunta anterior?

5. Clasifica as seguintes palabras relacionadas coa chuvia segundo a súa intensidade: chuvisca, poalla, ballón, babuxa, orballo, chaparrada, chuvieira, zarzallo e dioivo.

1 https://www.youtube.com/watch?v=tkiKydgx8ew

| CHUVIA POUCO INTENSA | CHUVIA MOI INTENSA |
| --- | --- |
| | |

6. Este é o mapa da predición meteorolóxica de Meteogalicia para a mañá (7-14 h) do luns, 16 de xaneiro de 2017. Escribe a predición para este día partindo da información fornecida no mapa.



Recursos:

*MeteoGalicia*

http://www.meteogalicia.gal/web/index.action

Blogue *Meteosansa*

http://meteosansa.blogspot.com.es/

“Refráns lingua galega” en *Meteosansa*.

http://meteosansa.blogspot.com.es/search/label/refr%C3%A1ns.%20lingua%20galega

Recursos na nosa aula virtual

http://www.edu.xunta.es/centros/cpisansadurnino/aulavirtual/course/view.php?id=379